

## A AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE E A ASOCIACIÓN SENDA XXI PRESENTAN A CAMPAÑA “LAZOS DE VIDA” E CONVIDAN A DOAR AOS VECIÑOS E VECIÑAS DA BISBARRA DO BARBANZA

- *Dentro desta iniciativa, presentada esta mañá no Concello de Noia, desenvolverase a andaina solidaria “Rego de Vida” a prol do solidario xesto da doazón, coa participación da asociación Asotrume*

**Santiago, 30 de outubro de 2018.-** A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) presentou hoxe a campaña “Lazos de Vida” que está a desenvolver coa Asociación Cultural e Deportiva Senda XXI, que desenvolve a súa actividade na bisbarra do Barbanza. A presentación desta iniciativa tivo lugar nunha rolda de prensa desenvolvida esta mañá no Concello de Noia e que contou coa presenza da directora de ADOS, Marisa López García, da presidenta de Senda XXI, Manoli Filgueira, e do alcalde de Noia, Santiago Freire Abeijón.

A directora de ADOS quixo agradecer a Senda XXI a proposta de realización desta campaña especial a prol da doazón e salientou a importancia de contar coa colaboración de institucións e colectivos procedentes de todos os ámbitos da sociedade galega para promover este xesto solidario. Así mesmo, fixo extensivo este agradecemento a todas as corporacións municipais galegas que, diariamente, facilitan o desenvolvemento das campañas de promoción da doazón.

### Concienciar e sensibilizar

Marisa López anunciou que o vindeiro sábado 10 de novembro o Coliseo de Noia acollerá unha charla sobre os distintos tipos de doazón (sangue, órganos, medula ósea,...) e que precederá á andaina solidaria “Rego de Vida” que terá lugar o domingo 11 de novembro a prol da Asociación de Transplantados de Medula Ósea (Asotrume) e co obxectivo de sensibilizar á cidadanía da importancia da doazón.

Tanto a directora de ADOS como a presidenta de Senda XXI, salientaron a importancia do desenvolvemento de iniciativas conxuntas, como “Lazos de Vida”, que permiten concienciar á sociedade galega dos distintos xeitos de doazón, unindo valores de solidariedade á realización de iniciativas deportivas e de ocio.

### Visitas das unidades

A directora de ADOS indicou que nos días seguintes ao desenvolvemento da campaña “Lazos de Vida”, as unidades móbiles da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue achegaranse ata distintos concellos das bisbarras do Barbanza, Muros e Noia.

Así mesmo, salientou o carácter xeneroso e solidario dos veciños e veciñas das bisbarras do Barbanza, Muros e Noia, que, no pasado ano, acadaron taxas de 63 doazóns por cada 1.000 habitantes e ano, 50/ 1.000 e 47/1.000, respectivamente, índices que superan a taxa media galega.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Marisa López quixo animar a todos os veciños e veciñas a doar sangue e a participar activamente na campaña “Lazos de Vida”. Tamén agradeceu a Senda XXI a súa implicación coas campañas de doazón e o seu apoio coa realización desta iniciativa, ao tempo que convidou a todos os colectivos e asociacións da sociedade civil galega a promover iniciativas similares que permitan crea unha conciencia solidaria proclive aos distintos xeitos de doazón.

SAÚDOS,  
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE